

## 10 PREGUNTAS A DAVID OTERO

Por Nacho Blanco



MIGUEL VILLAR

David Otero é escritor

- ¿É doado escribir?** Se tes algo que contar e que non sexa a túa vida... si.
- O mellor libro de todos os tempos:** «Sempre en Galiza», de Castela.
- ¿Existe a inspiración?** Se traballas orientado para aprender, pois si.
- A última historia que leu titulábase:**  
«El secreto del bosque viejo» de Dino Buzzati.
- O pulso da literatura galega, ¿é bo?** Si é moi bo... ata a hai mala.
- Seu lugar para o retiro e o traballo é..** A aldea de Terreboredo, na casa de Ameixeiras, da parroquia de Santo André.
- ¿Cara a onde vai o ser humano?** Cara a adiante, pero dando voltas arredor de si. Mareándose. Que a cabeza bule pouco.
- A literatura ¿pode mudar o mundo?** Axuda. Se o é de verdade, vai diante. Orienta e provoca (non soamente convoca).
- Deixaría de escribir por...**  
Por perder o equilibrio e botar man dunha axuda. A morte.
- Todos os días soña con...**  
Galicia. Para que sexa definitivamente determinada. Lugar do pobo galego.

## VERSOS PARA NAVEGAR

O PEN CLUBE PUBLICA DENTRO DA SÚA COLECCIÓN «ARTE DE TROBAR» A POESÍA COMPLETA DE XOHANA TORRES

Era unha mocíña cando en Ferrol empezou a navegar polo mar da literatura, nas clases de Carballo Calero ou prestando a súa voz para espazos radiofónicos nos que recitaba a Prado Nogueira, Isidro Conde, Tomás Barros ou Avilés de Taramancos. Nunca deixou de navegar Xohana Torres Fernández (Santiago, 1931). Nun ciclo celebrado en Compostela baixo o título de *Homenaje a la poesía gallega* (febreiro e marzo de 1955) botou man ao temón e fixou o seu rumbo: «Aquí estou eu, galega e muller e o meu cometido está en facer saber que ocupo o espazo que me corresponde». Alí estaban coma testemuñas do que dicía Uxío Novoneyra, Alonso Montero, Méndez Ferrín, Ramón Lorenzo Vázquez, Franco Grande ou Xosé Manuel Beiras, entre outros.

A navegación levouna, 46 anos despois daquel recital de Santiago, á Real Academia Galega onde na súa toma de posesión como académica confirmou que o rumbo seguía sendo o mesmo: «Debo engadir que tamén neste acto están implicadas numerosas escritoras que hai tempo irromperon con forza na nosa literatura. As mulleres sostemos a metade do ceo. Estaremos, pois, a agardalas». A súa navegación ten como norte os versos do primeiro poemario que publicou: «Soidá, máis múltiple / por repetirse en todo / como se comezase un froito a cada hora».

Agora aparece neste volume, no que a edición dos textos está a cargo de Luciano Rodríguez e a do libro do PEN Clube, dentro da colección Arte de Trobar e coa axuda de Caixanova, toda a poesía reunida de Xohana Torres, unha muller a que o editor destes poemarios sitúa perfectamente cando di que para ela «vivir e navegar ou navegar e vivir vén sendo o mesmo», contradicindo, explica Luciano Rodríguez, as fermosas palabras dos vellos mariñeiros de Fernando Pessoa: «Navegar é



XURXO LOBATO

Xohana Torres é membro da Real Academia Galega



POESÍA

## «Xohana Torres. Poesía reunida»

Xohana Torres. PEN Clube. Arte de Trobar. 325 páxinas. 14 euros.

\*\*\*

preciso; viver não é preciso».

Non debeu ser doado convencer a Xohana Torres da necesidade de publicar este libro, sabendo que é unha muller que só deixa amosar a palabra, que foxe todo o que pode do público e que leva como bandeira do seu barco literario a lingua que lle aprendeu a

avo: «En min sempre levita Lola ingravida, / cun acompañamento sonoro de paraísos, / seu perfil en realce pola extrema, / Sibila en Ribadavia, chombra moura, / bendita sexa a que esmaga os acios / para facer o viño como se fose a luz...».

Aínda que so se refire as composicións de Tempo de ría, Lucina Rodríguez resume moi ben o que se pode atopar nesta poesía reunida de Xohana Torres: un conxunto de fotos efémeras que ela fixa nas augas do poema para que sigan navegando eternamente polos ollos dos lectores, que seguirán tecendo e destecendo o mito da realidade.

Por se quedasen dúbidas Xohana Torres confirma o dito nun dos poemas de Estacións ao mar: «O mar, o mar, os signos estelares, a dilatada noite. Tempestade de verán / E a gran lúa de agosto. O mar, esa viaxe e a area que pisamos. O mar, / a crise, a continúa cadencia onde se escolta a vida, / O mar, o mar, nin outra cousa quero». Este poema está escrito todo en letras maiúsculas nestes versos para navegar.

Rodri García

LETRAS LIBRES  
Damián Villalán

## Valores

Dicía Spinoza que non desexabamos as cousas porque fosen boas, senón que eran boas porque as desexabamos. O filósofo xudeoportugués-holandés tivo que publicar anonimamente e con pé de imprenta falso os libros onde dicía esta clase de cousas. Os defensores dos Valores, aqueles calvinistas coñecedores do Ben, pelexaron asañadamente para que se prohibe a circulación das súas obras, que a Igrexa Católica non tardou en incorporar ao Índice e que non puideron lerse en castelán ata data tan serodia como 1878. Pero a senda do relativismo e do individualismo moral quedou insinuada para sempre.

Tamén a dunha ética deista e mesmo atea. A Spinoza non lle fixo falta crer nun deus transcendente para ser unha boa persoa, un campión da liberdade de pensamento e un adiantado do laicismo. Grazas á súa obra, Europa soubo que podía haber vida moral sen que andase polo medio o pecado nin as ameazas dun deus terrorífico, construído a imaxe e semellanza dos seus predicadores.

A vitoria de Bush volve facer moi recomendable a lectura da *Ética* e o *Tratado teolóxico-político*, pois produce perplexidade e mesmo algún desacougo ver estes días tantas reverencias, sobre todo cando proveñen de acérrimos defensores do liberalismo político e económico, cara aos valores triunfantes nas eleccións USA, moito máis distantes dos que mantiña Spinoza que dos que proclamaban os seus perseguidores. Facer sentir a forza da lei para prohibir que os homosexuais poidan casar ou que as mulleres poidan abortar delata unha actitude fundamentada anti-liberal, un intento de impoñerlle aos demais as crenzas propias. Polo visto, o medo á liberdade non é propiedade exclusiva do rampante neo-puritanismo de esquerdas (teimosamente empeñado en exiliar a Shin-Chan), senón que tamén fai o seu agosto entre os novos conservadores, tan liberais no que respecta á desregulación do mercado de traballo ou á estratexia da guerra preventiva como rixidamente solidarios da intolerancia moral que encarnan George Bush e os seus electores seica rebordantes de conviccións firmísimas.

Se cadra é mellor ter algunhas conviccións menos e algunhas dúbidas máis. A vida é moi curta, quizais non sexa máis que unha paréntese entre unha nada e outra nada. E non parece a mellor elección gasta en facerlla difícil aos outros, en engadirlle sufrimento ao sufrimento. Se hai un pecado nefando, imperdonable, sen dúbida é ese.

LETRAS EN GALEGO

## CUALIFICACIÓN

\*\*\* MOI BO

\*\* BO

\* CORRECTO

● MELLORABLE